



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

DECRETO APROBACIÓN BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2018 I

Don Antonio Negreira Noya, alcalde-presidente do Concello de Val do Dubra, na Provincia da Coruña,

Visto o Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e este Concello para a participación na prevención e defensa contra incendios.

RESOLVO,

1)- Aprobar a convocatoria do proceso de selección dunha Brigada de Prevención e Defensa contra incendios forestais.

2)- Aprobar as bases, que se transcriben a continuación:

“BASES QUE HAN DE REXER PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN CAPATAZ, UN PEÓN-CONDUTOR E TRES PEÓNS FORESTAIS PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, 2018.

1- Obxecto da convocatoria.

Constitúe o obxecto destas Bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a provisión mediante contratación laboral, de duración determinada, por obra ou servizo, durante tres meses e a xornada completa (40 horas semanais), dunha praza de Capataz, 1 Peón-Condutor e 3 Peóns Forestais para a Brigada de Prevención e Defensa contra incendios forestais, anualidade 2018.

2- Obxecto do contrato.

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos citados postos de traballo nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, consistentes na realización, por parte de todos os membros da brigada, de tarefas de limpeza de masa forestal e extinción de incendios forestais.

3- Requisitos das persoas aspirantes.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) *Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.*

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

b) *Ter feitos os dezaioito anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.*

c) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de nacionais*

doutros estados, no estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) *Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante Informe Médico.*

Titulación requerida

Estar en posesión do Certificado de Estudos Primarios, equivalente ou superior e ter o permiso de conducir tipo B para as prazas de Peón-Conductor e Capataz de Incendios.

Titulación específica para o posto

*Para a praza de **Capataz** é requisito imprescindible estar en posesión da titulación de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente, ademais do permiso de conducir tipo B.*

4- Forma e prazo de presentación de instancias.

4.1- As persoas interesadas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Val do Dubra e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao Fax 981889100 antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaránse no prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Xornal, no Taboleiro de Anuncios de na Páxina web.

As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina web e no taboleiro de editos unha copia do contido destas bases.

4.2- A solicitude deberá ir acompañada da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos e, no seu caso, dos méritos alegados, en orixinal ou en fotocopia cotexada:

- Fotocopia do D.N.I ou documento correspondente ao país da UE.*
- Documentación que acredite os extremos do punto 3 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo ou equivalentes ou Informe de Vida laboral.*

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

- Fotocopia e orixinal do carné de conducir B.

5- Admisión das persoas aspirantes

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, e comprobado que as persoas aspirantes reúnen os requisitos establecidos nas presentes bases, unha vez efectuadas as emendas que resultaran procedentes, comezase o proceso selectivo, conforme ao procedemento que se regula na Base Sexta.

6.- Procedemento selectivo

As persoas admitidas serán convocadas, en chamamento único quedando decaídos no seu dereito os solicitantes que non compareceran a realizalo, a realización da proba escrita, no lugar e día que se anunciarán na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Val do Dubra, cunha antelación mínima de dous días. As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización da cada exercicio provistos do D.N.I, ou documento fidedigno acreditativo da súa entidade.

- Proba escrita

De carácter eliminatorio.

Esta proba consistirá en responder un cuestionario tipo test de vinte e cinco preguntas, con tres respostas alternativas, para cada un dos distintos postos convocados.

A proba avaliará os coñecementos relativos os conceptos teóricos en materia de prevención de incendios, as funcións propias de cada posto concreto e coñecementos do territorio. Tomarase como referencia principal o MANUAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALIZA e o específico para PEÓN CONDUTOR (publicados na páxina web oficial da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia).

Para poder pasar a fase de concurso será necesario responder correctamente un mínimo de 15 preguntas . Os erros non se penalizan.

Os resultados publicaránse no taboleiro oficial e na páxina web do concello. Poderase formular reclamacións por escrito nos dous días seguintes, ata as 14:00 horas.

- Fase de concurso- Baremación:

Só no caso de superar a fase de oposición se baremará o concurso e será a seguinte:

1- Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes, calcularase do seguinte xeito; 0,10 puntos por mes de servizo ou fracción superior a 15 días, ata un máximo de **2 puntos**. Xustificarase polos seguintes medios: Informe de Vida Laboral e Certificación de Empresa ou Contratos de Traballo.

2.-Por cursos relacionados directamente coa actividade a desenvolver, impartidos pola Administración Pública ou homologados, ata un máximo de **3 puntos**:

- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- De máis de 70 horas aa 100 horas: 0,50 puntos.
- De máis de 40 horas ata 70 horas: 0,35 puntos.

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

- De máis de 15 horas ata 40 horas: 0,20 puntos.
- De menos de 15 horas: 0,10 puntos.

3.- Polo coñecemento do idioma galego, computándose unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva ós cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- Celga 2: 0,25 puntos.
- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.

7-Desempates

No caso de que dous ou máis aspirantes empataran nas puntuacións finais, é decir, despois da suma das puntuacións outorgadas na fase do examen e do concurso, os empates dirimiranse do xeito seguinte:

- Prevalecerá a maior experiencia laboral acreditada relacionada co posto.

8- Aprobados

Unha vez establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as que se basea na súa puntuación e por orde decrecente e resultarán aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas. Ditos aspirantes terán que pasar unhas probas físicas e médicas para completar o proceso selectivo. Que consistirán no seguinte:

8.a) Proba Médica

Terá un resultado de apto/non apto. Realizarase os análises e controis establecidos. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

8.b) Proba Física

Terá a cualificación de apto/non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terro chan cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 30 minutos ou na proba do banco, todavía sen concretar. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítise levar líquidos para hidratación. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

No suposto de que os/as seleccionados/as non superen as probas físicas e médicas, convocarase para as devanditas probas ao seguinte da listaxe que obtivera maior puntuación total e así sucesivamente ata cubrir as prazas ofertadas.

9. Tribunal de selección:

Establecer a composición do tribunal:

- Presidenta: Jesús Carlos Nieto Vilas
- Secretaria: Ana Lucía Calviño Canedo
- Vogais:
 - Ricardo Iglesias Pensado

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

- Benigno García Rey

- José Antonio Parcero Casas

10. Resolución

Concluído o proceso selectivo, o Concello de Val do Dubra publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web, as listaxes das persoas candidatas que se contratarán e as listaxes de persoas suplentes, coas que se formará unha bolsa de traballo para cubrir as vacantes que eventualmente puideran xurdir, ou para atender necesidades de emerxencia e imprevistos en xeral.

11. Documentación

As persoas aspirantes propostas para formalizar o contrato laboral, deberán presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista de candidatos os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación. E procederase ao chamamento dos seguintes aspirantes por orde de puntuación.

12. Resolución de incidencias

O Tribunal de selección poderá resolver tódalas dúbidas que se presenten no que non estea previsto nestas bases e adoptar os acordos que resulten procedentes, os cales se publicarán no Taboleiro de Edictos do Concello e, no seu caso, na páxina web do Concello de Val do Dubra.

Val do Dubra, 8 de xuño de 2018

O alcalde

Asinado polo Sr Alcalde Antonio Negrera Noya, ante o Secretario-Interventor acctal., José Ramón Vázquez González, no CONCELLO DE VAL DO DUBRA, na data que figura a marxe da presente Resolución.

Val do Dubra, naturalmente